

Expediente: 419/2025

Asunto: Aprobación bases carreira pedestre 17 de maio de 2026

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Visto que é vontade deste Concello organizar a XVII CARREIRA PEDESTRE DE OUTES o día 17 de maio de 2026.

Considerando que resulta necesario proceder á aprobación das bases que regulen a participación no citado evento.

Por todo o anteriormente exposto, esta Alcaldía **RESOLVE**

Primeiro.- Aprobar o texto das bases reguladoras da XVII CARREIRA PEDESTRE DE OUTES, a celebrar o día 17 de maio de 2026, que se incorporan como anexo á presente resolución.

Segundo.- Dispor a publicación das mesmas no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica municipal.

En Outes, na data da sinatura dixital.

O alcalde

O secretario



BASES DA XVII CARREIRA PEDESTRE DE OUTES

A Concellería de Deportes do Concello de Outes organiza a XVII Carreira Pedestre de Outes, que terá lugar o Domingo 17 de maio de 2026 a partir das 10:00, con saída e chegada na Praza de Galicia, na localidade de A Serra de Outes.

1. CATEGORÍAS, DISTANCIAS E HORAS DE SAIDA.

CATEGORIAS	ANO NACEMENTO	DISTANCIA	HORA SAÍDA
10K			
VETERANOS B	De 1971 e anteriores	10.000 metros	10:00 horas
VETERANOS A	De 1972 a 1986	10.000 metros	10:00 horas
SENIOR	De 1987 a 2003	10.000 metros	10:00 horas
PROMESA	De 2004 a 2008	10.000 metros	10:00 horas
3K			
SENIOR	2008 e anteriores	3.000 metros	11:30 horas
XUVENIL	De 2009 2010	3.000 metros	11:30 horas
CADETE	De 2011 2012	3.000 metros	11:30 horas
1K			
INFANTIL	De 2013 e 2014	1.000 mertros	12:00 horas
ALEVÍN	De 2015 e 2016	1.000 mertros	12:00 horas
MENORES (CAMPO MUNICIPAL DE O CONCHIDO)			
BENXAMÍN	De 2017 e 2018	450 metros	12:20 horas
PREBENXAMÍN	De 2019 e 2020	225 metros	12:25 horas
PITUFOS	De 2021 e 2022	100 metros	12:30 horas
CHUPETES	2023 e posteriores	50 metros	12:35 horas

2. INSCRICIÓNS.

As inscricións poderán formalizarse ata as 13:00 h do Martes 12 de Maio a



través da web de cronotec.es

Para as categorías participantes na carreira de 10 km e Carreira Absoluta de 3Km a inscrición terá un custo de 4 euros. Para o resto de categorías a inscrición é gratuíta.

@s nen@s das categorías de chupetes, pituf@s, pre-benxamín e benxamín tamén deberán inscribirse a través de Cronotec (si quedan fóra do prazo de inscrición poderán participar igual na carreira inscribíndose o mesmo día no lugar de recollida de dorsais que terá lugar no Pavillón Polideportivo de A Serra de Outes). Nestas categorías tod@s @s participantes inscritos pola web recibirán premio por chegar a meta.

Ante calquera dúbida relacionada co proceso de inscrición na web de Cronotec poderán enviar un mail a cronotec1@gmail.com ou por teléfono (en horario de oficina) 600 88 98 09

3. DATOS OBRIGATORIOS PARA AS INSCRICIÓN

NIF con letra, Nome e Apelidos, Data de Nacemento completa, Sexo, Localidade, Provincia, Teléfono de contacto (se o ten), enderezo electrónico de contacto (se o ten), Nome do Club (se o ten) e Licencia federativa (se ten).

Deberá indicar tamén se está empadroadado no Concello de Outes para puntuar nos premios locais (non vale estar vivindo en Outes, hai que estar empadroadado).

As inscricións sen datos obrigatorios ou fóra do prazo fixado, tanto para a proba de 10Km como as carreiras curtas de 3Km e 1Km, non serán admitidas.

4. RECOLLIDA DE DORSAIS E CHIPS, SAÍDA E META

No pavillón polideportivo de A Serra de Outes, dentro do campo de fútbol, poderanse retirar os dorsais e os chips ata 30 minutos antes do comezo da carreira na que o corredor vai a participar. Para facilitar a xestión das carreiras non se darán dorsais nin chips fóra dese prazo. Na Praza de Galicia situarase a saída e a meta de tódalas carreiras, agás a de chupetes, pituf@s, prebenxamíns e benxamíns (50, 100, 225 e 450 metros) que terá lugar dentro do recinto do campo de fútbol.

Para estas categorías que participan dentro do campo de fútbol, organizarase unha "MINI-OLIMPIADA" para que poidan experimentar con lanzamentos, saltos, vallas, etc. A mesma terá horario de 11:00 a 12:15 h.

5. PREMIOS

- Medallas (medallóns de chocolate) para tódol@s participantes nas categorías chupetes, pituf@s, prebenxamins e benxamíns. Estas



categorías non recibirán premios por categoría.

- Trofeos para @s 3 primeir@s clasificad@s en ALEVIN e INFANTIL así como trofeo @ primeir@ clasificad@ LOCAL (1Km)
- Trofeo para @s 3 primeir@s clasificad@s CADETE, XUVENIL e XERAL na carreira de 3Km, así como trofeo @ primeir@ clasificad@ LOCAL.
- Trofeos para @s 3 primeiros na carreira xeral de 10Km, así como @ primeir@ clasificad@ LOCAL
- Trofeo para @ primeir@ clasificad@ das categorías: promesa, senior, veterán A e Veterán B na carreira de 10Km
- Entidade con máis participantes

(Os corredores de Outes deben indicalo á hora de inscribirse para poder optar ós premios locais, é preciso estar empadroados).

Non haberá premios económicos. **Os trofeos non serán acumulativos.**

6. CONTROL DA CARREIRA

As condutas que se considerarán antirreglamentarias do/a atleta polas que poden ser descalificados son as seguintes:

- Non levar o dorsal perfectamente colocado.
- Participar cun dorsal que corresponda a outro corredor.
- Non realizar o percorrido da carreira completo.
- Non atender as indicacións d@s membros da organización.
- Entrar fóra da hora prevista pola organización.
- Realizar a inscrición alterando os datos de maneira maliciosa.
- Nas carreiras de 1Km, 3Km e 10Km utilizarase un chip como xeito de cronometraxe electrónica, da empresa Cronotec.
- Calquera outras de análoga natureza, que a xuízo da organización da carreira poida ser considerada como conduta antideportiva merecedora de sanción disciplinaria.
- O acompañamento aos corredores por xente allea á organización ou por vehículos non autorizados será motivo de descalificación.

7. CLÁUSULAS ADICIONAIS

1. O Concello de Outes, a comisión organizadora e os seus colaboradores non se fan responsables dos posibles danos morais, físicos ou materiais que a si mesmos ou a outras persoas lles ocasionen os participantes nesta proba deportiva, nin outros que con motivo da competición poidan



- corresponder ante o seguro deportivo ou outra mutualidade.
2. Está prohibido cortar ou dobrar os dorsais.
 3. @s participantes deberán situarse na saída 5 minutos antes do comezo da proba.
 4. Na carreira de 10 km o percorrido estará sinalizado e contará cun avituallamento na metade do percorrido.
 5. O control de chegada na carreira de 10 Km pecharase 40 minutos despois de que entre na meta o primeiro corredor clasificado.
 6. A entrega de trofeos está prevista para as 12:50 h dentro do pavillón polideportivo de Outes. Non se entregarán trofeos a posteriori.
 7. @s participantes poderán utilizar os vestiarios do pavillón e os vestiarios do campo de fútbol para asearse e ducharse despois da carreira.
 8. O descoñecemento destas bases e do regulamento non exime do seu cumprimento.
 9. Tódol@s participantes, polo feito de tomar a saída, aceptan as presentes bases e regulamento. En caso de dúbida, decidirá o comité organizador.
 10. Todo o non recollido neste regulamento resolverase según o estime a organización.
 11. Polo ben de tod@s, rógase ós participantes, acompañantes e demais público que presencien a proba, un comportamento exemplar cara a os compañeiros, público, organización e a proba en xeral.
 12. Todo participante na proba permitirá a divulgación de imaxes.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.

